| DESGLOSE DOS PUNTOS 5.1, 5.5, 5.6 E 5.7: FONÉTICA, ESTRUTURAS MORFOSINTÁCTICAS-DISCURSIVAS E VOCABULARIO | | |
|---|---|---|
| **4º ESO** | | |
| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | CONTIDOS | TEMPORALIZACIÓN |
| PLEB5.1. Exprésase cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible, e utiliza adecuadamente os esquemas fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras. | • Pronuncia de fonemas de especial dificultade, tanto vocálicos coma consonánticos.<br>• Pronuncia de formas contractas.<br>• Pronuncia da terminación en formas de tempos verbais: */s, z, iz/* da 3ª persoa singular do presente simple.<br>• Pronuncia da terminación en formas de tempos verbais: */d, t id/* do pasado simple.<br>• Formas débiles de *was, were*.<br>• Acentuación de palabras e frases.<br>• Entoación de frases.<br>• Ritmo. | 1ª AVALIACIÓN<br><br>*New Action ESO 4* – Unidades:<br>• introduction.<br>• unit 1.<br>• unit 2.<br>• unit 3. |
| | • Pronuncia de fonemas de especial dificultade.<br>• Pronuncia de formas contractas.<br>• Pronuncia da terminación en formas de tempos verbais: */d, t id/* do pasado simple e participio.<br>• Formas débiles de *was, were*.<br>• Acentuación de palabras e frases.<br>• Entoación de frases.<br>• Ritmo. | 2ª AVALIACIÓN<br><br>*New Action ESO 4* – Unidades:<br>• unit 4.<br>• unit 5.<br>• unit 6. |
| | • Pronuncia de fonemas de especial | 3ª AVALIACIÓN |

| DESGLOSE DOS PUNTOS 5.1, 5.5, 5.6 E 5.7: FONÉTICA, ESTRUTURAS MORFOSINTÁCTICAS-DISCURSIVAS E VOCABULARIO | | |
|---|---|---|
| **4º ESO** | | |
| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | CONTIDOS | TEMPORALIZACIÓN |
| | dificultade.<br>• Pronuncia de formas contractas.<br>• Formas contraídas: *shouldn't, mustn't, can't*…<br>• Formas débiles: *than, as.*<br>• Acentuación de palabras e frases.<br>• Entoación de frases.<br>• Ritmo. | *New Action ESO 4* – Unidades:<br>• unit 7.<br>• unit 8.<br>• unit 9. |
| PLEB5.5. Comprende e utiliza con corrección suficiente e adecuación sociolingüística os recursos lingüísticos propios do seu nivel, e frases feitas e locucións idiomáticas sinxelas e habituais da comunidade lingüística correspondente á lingua meta. | Funcións comunicativas e estruturas sintáctico-discursivas propias do inglés:<br><br>Describir e comparar hábitos e estilos de vida.<br>• Presente simple e continuo.<br>• *Used to* + infinitivo.<br><br>Narrar feitos do pasado.<br>• Pasado simple / pasado continuo.<br>• While / when.<br>• Marcadores do discurso: *first, then, eventually...*<br><br>Expresar feitos pasados vencellados co presente.<br>• *Present perfect simple*.<br>• *For / since / already / yet / just / ever / never*. | 1ª AVALIACIÓN<br><br>*New Action ESO 4* – Unidades:<br>• Introduction.<br>• unit 1.<br>• unit 2.<br>• unit 3. |

| DESGLOSE DOS PUNTOS 5.1, 5.5, 5.6 E 5.7: FONÉTICA, ESTRUTURAS MORFOSINTÁCTICAS-DISCURSIVAS E VOCABULARIO | | |
|---|---|---|
| **4º ESO** | | |
| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | CONTIDOS | TEMPORALIZACIÓN |
| | • *Present perfect / past simple*. | |
| | Expresar procesos e cambios.<br>• A voz pasiva: presente e pasado.<br><br>Expresar plans, intencións e predicións.<br>• Presente continuo con valor de futuro.<br>• *Be going to* + infinitivo. *Will / won't* + infinitivo.<br>• Expresións de tempo referidas ao futuro: *tomorrow, next month*…<br><br>Expresar condición e hipótese.<br>• Condicionais dos tipos 1 e 2.<br><br>Transmitir as ideas e opinións doutros.<br>• Estilo indirecto: *statements, requests, instructions, offers and suggestions.*<br>• Expresións temporais: *then, the day before*… | 2ª AVALIACIÓN<br><br>*New Action ESO 4* – Unidades:<br>• unit 4.<br>• unit 5.<br>• unit 6. |
| | Describir e identificar cousas, lugares e persoas.<br>• Adxectivos que describen a personalidade.<br>• Pronomes e adverbios relativos: | 3ª AVALIACIÓN<br><br>*New Action ESO 4* – Unidades:<br>• unit 7.<br>• unit 8. |

| DESGLOSE DOS PUNTOS 5.1, 5.5, 5.6 E 5.7: FONÉTICA, ESTRUTURAS MORFOSINTÁCTICAS-DISCURSIVAS E VOCABULARIO | | |
|---|---|---|
| **4º ESO** | | |
| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | CONTIDOS | TEMPORALIZACIÓN |
| | *who, which, where*.<br>• Oracións de relativo especificativas.<br>• Compostos con *some* e *any.*<br><br>Dar consello.<br>• *Should / shouldn't*.<br><br>Expresar certeza e posibilidade.<br>• *May / might / can / can't*...<br><br>Expresar habilidade, permiso, prohibición, obriga e ausencia da mesma.<br>• Can / have to / don't have to / must / mustn't.<br><br>Expresar preferencias e opinións.<br>• I love / hate / enjoy / can't stand / don't mind... + -ing<br><br>Facer comparacións entre persoas, lugares e cousas.<br>• Comparativo e superlativo dos adxectivos.<br>• *Too* + adxectivo / *not* + adxectivo + *enough.* | • unit 9. |
| PLEB5.6. Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado, o que implica, | Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: | 1ª AVALIACIÓN |

| DESGLOSE DOS PUNTOS 5.1, 5.5, 5.6 E 5.7: FONÉTICA, ESTRUTURAS MORFOSINTÁCTICAS-DISCURSIVAS E VOCABULARIO | | |
|---|---|---|
| **4º ESO** | | |
| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | CONTIDOS | TEMPORALIZACIÓN |
| entre outros, o emprego de sinónimos de uso máis frecuente e de palabras de significación próxima para evitar a repetición léxica.<br><br>PLEB5.7. Utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos en rexistro estándar propios do seu nivel educativo, e comprende e utiliza estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos e paratextuais). | • Verbos que denotan acción.<br>• Roupa.<br>• Deportes.<br>• Comida e bebida.<br>• Roupa.<br>• Profesións.<br>• Viaxes.<br>• Teléfonos móbiles.<br>• Lugares.<br>• Adxectivos que describen a personalidade.<br>• Verbos. | *New Action ESO 4* – Unidades:<br>• Introduction.<br>• Unit 1<br>• unit 2.<br>• unit 3. |
| | • Medio ambiente.<br>• Materiais e envases.<br>• Relacións. Verbos relacionados coas relacións persoais.<br>• Delitos. | 2ª AVALIACIÓN<br><br>*New Action ESO 4* – Unidades:<br>• unit 4.<br>• unit 5.<br>• unit 6. |
| | • Ciencia.<br>• Tecnoloxía.<br>• Cultura e tradicións.<br>• Xeografía.<br>• Adxectivos que describen obxectos.<br>• Obxectos de uso corriente. | 3ª AVALIACIÓN<br><br>*New Action ESO 4* – Unidades:<br>• unit 7.<br>• unit 8.<br>• unit 9. |

Estes contidos aparecerán reflectidos na adquisición das diferentes habilidades lingüísticas: comprensión de textos orais, produción de textos orais (expresión e interacción), comprensión de textos escritos e produción de textos escritos (expresión e interacción), correspondentes aos bloques 1, 2, 3 e 4 da programación didáctica.

Cómpre prestar especial atención ao seguinte punto:

| BLOQUE 3: comprensión de textos escritos | | |
|---|---|---|
| **4º ESO** | | |
| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | TEMPORALIZACIÓN |
| PLEB3.8. Comprende os aspectos xerais e os detalles máis relevantes de textos de ficción e textos literarios contemporáneos breves, ben estruturados e nunha variante estándar da lingua, nos que o argumento é lineal e se pode seguir sen dificultade, e os personaxes e as súas relacións se describen de maneira clara e sinxela. | • Observación do traballo na aula.<br>• Proba escrita e/ou oral sobre un **libro de lectura obrigatoria**. | 3ª AVALIACIÓN |

## INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Como instrumentos de avaliación utilizaranse:
-A observación sistemática do desenvolvemento das tarefas realizadas na clase (incluída a actitude) ou encomendadas para casa (a nivel de produción- oral e escrita- e de comprensión- oral e escrita), ben individuais, en parellas ou pequenos grupos, a utilización do inglés como lingua de comunicación na clase e a realización de proxectos individuais ou en grupo. A media destas notas suporá o 30% da nota da avaliación.

-A realización de dúas ou tres probas formais a nivel individual (exames) ao longo de cada unha das tres avaliacións, que incluirán varios apartados: *grammar, vocabulary, reading, writing, listening* e unha proba de *speaking* ao remate de cada unha das avaliacións. Entre estas probas formais estará durante a terceira avaliación o exame escrito e/ou oral sobre o libro de lectura obrigatoria. A media das notas de estas probas suporá o 70% da nota da avaliación.

O alumnado poderá sumar ata un punto extra en cada avaliación pola lectura optativa dun libro, do que será examinado oralmente ou por escrito.

Non se realizarán probas de recuperación, entendendo que o inglés é unha materia con *contidos progresivos* e que cada unha das diferentes avaliacións inclúe contidos das anteriores.

Para obter a **nota final**, o baremo utilizado será o seguinte:

- Nota da 1ª avaliación: 20%.
- Nota da 2ª avaliación: 30%.
- Nota da 3ª avaliación: 50%.

A final de curso, aqueles alumn@s que tras aplicar este baremo teñan a materia suspensa, realizarán un exame global (oral e escrito) dos contidos traballados durante todo o curso. Se o aproban, a materia considerarase superada.

Nas **probas extraordinarias de setembro**, o exame realizado suporá o 100% da nota obtida.

En canto aos alumn@s coa **materia de inglés pendente** de cursos anteriores, as actividades de reforzo, entregadas correctamente e na data sinalada, suporán o **25%** da nota final, e o exame realizado en maio ou setembro suporá o **75%.** No caso de non ter entregado as actividades de reforzo, o exame realizado en setembro suporá o 100% da nota.

En calquera dos casos anteriores (avaliación ordinaria en xuño, extraordinaria en setembro ou avaliación de pendentes) considerarase que un alumn@ supera a materia de inglés cando a nota final sexa **igual ou superior a 5**.

## INFORMACIÓN PARA OS ALUMNOS/AS COA MATERIA DE INGLÉS PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES

Os alumn@s coa materia pendente de cursos anteriores terán os mesmos contidos co resto dos alumn@s deses cursos, contidos que están expostos nos taboleiros de cada un dos grupos.

A avaliación destes alumn@s levarase a cabo seguindo dúas vías:

- entrega de actividades de reforzo na data establecida. Este traballo, realizado correctamente e entregado na data indicada, suporá o 25% da nota.
- realización dun exame no mes de maio e, de non superalo, na convocatoria extraordinaria de setembro. Suporá o 75% da nota.

Para aqueles alumno@s que non entregaran as actividades de reforzo, o exame realizado na convocatoria extraordinaria de setembro suporá o 100% da nota.

A recollida de actividades de reforzo por parte do alumnado terá lugar durante a última semana de outubro e a entrega das actividades realizadas, durante a última semana de abril. Unha vez corrixidas, serán devoltas ao alumnado.